


**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

179

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - 15008 A CORUÑA - Telfs. 981 18 59 02 - 981 18 59 03



Aos efectos oportunos comunícolle a resolución do expediente de calificación nº 348 do monte "Deira e Pedroso", de Vilariño e outros lugares da parroquia de Cespón, concello de Boiro, segundo acordo deste Xurado na súa reunión de data 17 de novembro de 1999:

"Reunido na data 17 de novembro de 1999 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. Rogelio Aramburu Núñez, os vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garmá, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, e da Secretaria Dona Ana María Díaz López, Letrada da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Expediente: nº 348

Monte: Deira y Pedroso

Lugares: Vilariño, San Roque, Sar, Pazos, Deira, Quinteiro, Ferreiros,
Trebonzos, Benivas, Guilleiro e Cespón

Parroquia: Cespón

Concello: Boiro

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Diversos veciños de Vilariño e outros lugares da parroquia de Cespón, concello de Boiro, solicitaron con data 23.12.1996 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 87,15 Ha.

Lindeiros:

É a parcela I do monte "Deira e Pedroso", nº 148 do C.U.P.

NORTE: Propiedades particulares de veciños de Cespón e Sar, do piquete nº 258 ao 275 do deslindamento, seguindo a orde de piquetes, do 275 ao 1, e do 1 ao 7 seguindo a

orde de piquetes. LESTE: Propiedades particulares de veciños de Sar, Pazos, Guilleiro e Reboredo, do piquete 7 ao 99, seguindo a orde de piquetes. SUR: Propiedades particulares de veciños de Reboredo, Trebonzos e Vilariño, do piquete 99 ao 189, seguindo a orde de piquetes. OESTE: Propiedades particulares de veciños de Vilariño e Cespón, do piquete 189 ao 258, seguindo a orde de piquetes.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 13.06.1997, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor do mesmo a D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Noia, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Boiro, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 183 de 23.09.1997), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

3º. Os veciños de Vilariño e outros lugares da parroquia de Cespón fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que desde tempo inmemorial veñen realizando aproveitamentos do monte Deira e Pedroso en réxime de man común.

En tal sentido presentan acta de manifestacións ante notario dos veciños de maior idade dos lugares de Brión e Cespón.

4º. Ante o presente expediente formulou alegación o concello de Boiro, que en sesión da súa Comisión de Goberno de data 21.10.1997 acordou opoñerse á declaración do monte como veciñal, baseándose na súa inclusión no Inventario de Bens do Concello coa calificación de Ben Patrimonial de Propios, estando inscrito como tal no Rexistro da Propiedade de Noia.

Engaden documentación xustificativa de diversos actos de disposición realizados no monte, e manifestan que no mesmo están ubicados diversos servicios municipais, como cemiterio, colexios, etc.. Alegan que os aproveitamentos realízanse en virtude do consorcio vixente co Servicio de Montes, efectuando o propio concello operacións de limpeza e conservación.

5º. A asociación de veciños "Brétema" de Boiro opónse á calificación do monte "Deira e Pedroso", debido á súa inclusión no Inventario de Bens do Concello e a que están ubicados no mesmo diversos servicios dotacionais. Manifestan que na solicitude de calificación non se reflicten a totalidade dos lugares que tradicionalmente viñan facendo uso de dito monte. Solicitan finalmente que sexa mantido como de propiedade municipal.

6º. Na tramitación das presentes actuacións cúmplíronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, de 10 de outubro, de

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - 15008 A CORUÑA - Telfs. 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables ao caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos arts. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Vilariño e outros son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (arts. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Unha vez examinada a documentación e informes aportados ao expediente, o instructor propoñe á consideración do Xurado as seguintes conclusións:

a) O monte "Deira e Pedroso", incluído no C.U.P. co nº 148, deslindouse con data 31.05.1967, atribuíndose a súa pertenza ás parroquias de Cespón, Boiro e Abanqueiro. A inscrición no C.U.P. orixinou unha efectiva posesión e conseguinte percepción dos beneficios dos aproveitamentos polo concello de Boiro, o que determinou que no Pleno de data 14.10.1985 se acordara o cambio da calificación de dito monte á de Ben Patrimonial de Propios, sen que houbera reclamación algunha durante o correspondente período de información pública. O monte inscribíuse como tal Ben de Propios no Rexistro da Propiedade de Noia, cancelándose as anteriores inscricións, co que se chega á actual situación xurídica.

b) Os aproveitamentos alegados polos veciños dos lugares de Vilariño e outros nunca tiveron un carácter exclusivo, debido ao uso que ten feito do monte os veciños doutros lugares da parroquia de Cespón, así como das parroquias limítrofes. Ademais estes aproveitamentos son marxinais fronte aos realizados en virtude do consorcio forestal vixente entre o concello de Boiro e a Xunta de Galicia (Servicio de Montes e I.F.), e ao que o concello xa estaba incorporado desde o 10.12.1940.

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - 15008 A CORUÑA - Telfs. 981 18 59 02 - 981 18 59 03

c) A vista dos escritos motivados dos dereitos de ambas partes, estima que os dereitos que se alegan nos aproveitamentos que poideran ter sobre o monte os veciños de Brión e outros, así como os do concello de Boiro mantindo o seu dereito de propiedade e non recoñecendo o acto posesorio da comunidade solicitante, implica que, o neste plantexado, é cuestión relativa ao dominio de tales montes, da competencia exclusiva dos Tribunais da Xurisdicción Ordinaria, a sustanciar polos trámites do xuízo declarativo ordinario que corresponda.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, a proposta do Sr. Instructor,

ACORDA non calificar como veciñal en man común o monte "Deira e Pedroso" afectado polo presente expediente".

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo de UN MES ou recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS MESES, contados desde a recepción da presente comunicación, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Coruña, 15 de decembro de 1999


Vº e Pr.

O PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo. Rogelio Aramburu Nuñez

A SECRETARIA DO XURADO,



Asdo. Ana María Díaz López





SR. XEFE DO SERVIZO DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS

Con data 18 de xullo de 2006, reuníuse o xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña, adoptando, entre outros, o seguinte acordo:

“Dase conta da sentenza da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 4 de maio de 2006 dictada no recurso de apelación número 4232/03, polo que se desestima o recurso interposto polo concello de Boiro contra a sentenza dictada con data 8 de abril de 2003, polo xulgado contencioso administrativo nº 4 da Coruña no procedemento ordinario nº 93/2001. A dita sentenza declara a nulidade da desestimación por silencio do recurso de reposición presentado contra a resolución do xurado provincial de montes en man común de 15 de decembro de 1999 que acordou non clasificar como veciñal o monte Deira-Pedroso a que se refire o expediente nº 348, por non ser conforme a dereito, debendo procederse á clasificación do referido monte como veciñal en man común, pertencente ó común dos veciños da parroquia de Cespón lugares de Vilariño e outros que se referencian no expediente indicado, excepción feita da superficie determinada e ocupada polas instalacións dotacionais existentes, campo de fútbol, colexio público, cemiterio, etc.

Enterado o xurado do contido da sentenza acorda por unanimidade dos asistentes o acatamento da mesma nos seus propios termos, así como a súa remisión ó servizo de montes e industrias forestais para ós efectos de inscrición no rexistro de montes veciñais en man común”

O que se comunica os efectos oportunos.

A Coruña, 12 de setembro de 2006

A Secretaria do xurado provincial
de montes veciñais en man común

J. Amalia Lorenzo Penela



Vº e praxe

A Presidenta do xurado provincial de
Montes veciñais en man común

Olga Mª García Agra



JMMC/nls
17/11/06

Rexistro de MVMC
Sección Provincial de A Coruña
Edf. Advo. Monelos, 5º Pranta-A Coruña

En cumprimento do acordo de data 18/07/06 adoptado polo Xurado de Montes Veciñais en man común da Coruña, se lle comunica o seguinte:

Primeiro.- O monte Deira e Pedroso foi incluído no Catálogo de Montes de utilidade pública da provincia da Coruña de 1.901 co número 148, o cal asigna a súa pertenza á parroquia de Cespón, do termo municipal de Boiro e atópase consorciado para a súa repoboación co elenco C-2150. O deslinde administrativo do monte Deira e Pedroso foi aprobado por Orden Ministerial de data 31/05/1967, que modificou a inscrición que do monte existía no Catálogo de UP. A superficie do monte atópase configurada en dúas parcelas, Parcela I e II

Segundo.- Que o Xurado Provincial de Montes veciñais en man común da Coruña, a solicitude de varios veciños dos lugares Vilariño, San Roque, Sar, Pazos, Deira, Quinteiro, Ferreiros, Trebonzos, Benivas, Guilleiro e Cespón, en reunión de data 13/06/1997, acordou a iniciación do expediente de clasificación nº 348 en relación á parcela I do monte Deira e Pedroso. Tramitado o correspondente expediente, e tra-lo cumprimento dos trámites legais e regulamentarios, o Xurado, en reunión de data 17/11/1999, acordou non cualificar coma veciñal en man común a parte do monte Deira e Pedroso afectado polo expediente.

Terceiro.- Que en data 12/09/06, o Xurado Provincial de Montes veciñais en man común da Coruña, comunica ó Servizo Provincial de Montes e IIFF o acordo dese órgano adoptado en reunión de data 18/07/06 polo que se acata, por unanimidade dos membros do Xurado os termos da sentenza da sala do contencioso administrativo do TSX de Galiza, de data 04 de maio de 2006, dictada no recurso de apelación nº 4232/03, polo que se desestima o recurso interposto polo Concello de Boiro contra a sentenza de



08/04/03 polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña no procedemento ordinario nº 93/2001 que declara coma veciñal en man común dos veciños da parroquia de Cespón, Vilariño e outros o monte Deira e Pedroso ó que se refire o expediente nº 348, excluída a superficie determinada e ocupada polas instalacións dotacionais existentes, campo de fútbol, colexio público, cemiterio, etc.

Carto.- Realizada a anterior notificación polo Xurado do acordos de data 02/02/06, o Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais da Coruña, en execución do disposto na referidas sentenza, procedeu á medición da superficie ocupada polas instalacións dotacionais existentes na Parcela I do monte Deira e Pedroso, ós fins de excluí-las do perímetro veciñal.

Quinto.- En data 22/09/06, polo Servizo Provincial de Montes, se remite notificación ós promotores do expediente nº 348 e ó Concello de Boiro, no que se lles informa da execución da sentenza, achegándolles plano no que se reflicten as superficies excluídas do monte veciñal por ser instalacións dotacionais públicas. E concedéndolles audiencia no expediente sen que ningún deles formulase alegacións ó mesmo.

Sexto.- De conformidade co anterior, o monte veciñal en man común denominado "Deira e Pedroso", referido ó expediente de clasificación nº 348, unha vez executada a sentenza que lle afecta (excluíndo o grupo escolar, depósito de auga e vía rápida), é o que se describe a continuación:

Expediente: nº 348

Monte: Deira e Pedroso

Lugares: Vilariño, San roque, Sar, Pazos, Deira, Quinteiro, Ferreiros, Trebonzos, Benivas, Guilleiro e Cespón.

Parroquia: Cespón

Concello: Boiro

Superficie: 66,96 Hectáreas

Lindeiros: É a Parcela I do monte Deira e Pedroso nº 148 do C.U.P.



Norte: Propiedades particulares de veciños de Cespón e Sar, do piquete nº 258 ó 275 do deslindamento, seguindo a orde de piquetes do 275 ó 1, e do 1 ó 7, seguindo a orde de piquetes.

Leste: propiedades particulares de veciños de Sar, Pazos, Guilleiro e Reboredo, do piquete 7 ó 99, seguindo a orde de piquetes


Sur: Propiedades particulares de veciños de Reboredo, Trebonzos e Vilariño, do piquete 99 ó 189, seguindo a orde de piquetes.

Oeste: propiedades particulares de veciños de Vilariño e Cespón, do piquete 189 ó 258, seguindo a orde de piquetes.


Á vista dos antecedentes expostos, este Servizo Provincial da Coruña de Montes e IIFF,
ORDEA A INSCRIPCIÓN DO MONTE DEIRA E PEDROSO, REFERIDO Ó EXPEDIENTE Nº 348 NA SECCIÓN PROVINCIAL DO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN, SEGUNDO OS DATOS QUE SE RECOLLEN NO APARTADO SEXTO DO PRESENTE ESCRITO.-

O XEFE DO SERVIZO DE MONTES E IIFF

Asdo.- Jose J. Martel Muñoz-Cobos



100

SERVIZO DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS

TOTAL PARCELA I:	87,15 ha
ENCLAVADO:	17,50 ha

ENCLAVADOS:	17,59 ha
EXCL. GRUPO ESCOLAR:	2,02 ha
EXCL. RESERVA AGUA:	2,02 ha

EXCL. DEPOSITO AGUA:	0,20 ha
VÍA RÁPIDA:	0,38 ha

SUP. MVMC: 66,96 ha

PARROQUIA: CESPÓN

Data
Setembro de 2006

348

Asdo:
Inacio López da Osa Ximénez

